



A AELG organiza este domingo un roteiro para descubrir a vinculación herculina das Vellas de Mens

CULTURA 26 de setembro de 2025

<https://xornaldacoruna.gal/2025/09/26/a-aelg-organiza-este-domingo-un-roteiro-para-descubrir-a-vinculacion-herculina-das-vellas-de-mens/>

A Asociación de Escritores en Lingua Galega organizan un Roteiro As vellas de Mens na cidade da Coruña, guiado por [Icía Varela](#) e [Xosé Manuel Varela](#), [autores dos libros *Pandereteiras e Cantareiras*](#). A cita vai ter lugar o **domingo 28 de setembro**, a partir das 12:00 horas, tendo como punto de partida o [Teatro Colón, na Coruña](#). Non é necesaria inscrición previa.

Un paseo por tres espazos coruñeses de vinculación artística coas [Vellas de Mens](#), engalanado con interpretación colectiva do seu enxebre legado musical con pezas como a «pandeirada», o «maneo», o «pasodobre de Mens» ou a «muiñeira punteada» xunto cun «valse» e «chotis», este moi descoñecido.

Esta iniciativa da AELG pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos. Deste xeito, posibilitase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.